

LINGUA GALEGA E LITERATURA

OPCIÓN A

2 Ás veces me pregunto por **que** eu non son
Como as demais mulleres: amar sen desacougo
Poñer en paz o corazón e a mente
4 Agardar con paciencia **que** baixen as augas
Nas crecidas do río
6 Resignarse á evidencia aceptar os desaires
E rezar en silencio ou chorar entrementes
8 As bágoas máis amargas enriba da almofada
Sempre ocultando a ira. Sempre con mansedume
10 Cun sorriso nos labios. Non. Eu non son daquelas
Que cantan ás flores e ás pombas xa o sei
12 A min mátame a sede. A min fáltame o aire
Levo un cravo moi fondo de amor e de paixón
14 Nin o podo arrincar **que** arrincaría a alma
Prendería o lume **que** me queima por dentro
16 Eu non son daquelas que cantan ás flores e ás pombas
Das que se resignan ante o desamor
18 E rezan e consomen bágoas sobre da almofada
Non! Eu son Medea!

Luz Pozo Garza, *Medea en Corinto*, 2002

1. Fai un breve resumo do contido do texto. Non repitas as palabras da autora. [1 punto]
2. Comenta brevemente o sentido que teñen no texto as seguintes afirmacións da poeta: [1 punto]
 - a) *Agardar con paciencia que baixen as augas nas crecidas do río* (versos 4-5)
 - b) *Eu non son daquelas que cantan ás flores e ás pombas* (versos 10-11, 16)
3. Como cres que adoitamos encarar os problemas da vida cotiá: con resignación ou con rebeldía? Como cres que deberíamos encaralos? Redacta un texto expoñendo, de maneira argumentada, a túa opinión. (Extensión aprox. 200-250 palabras). [3 puntos]
4. O texto é un poema con múltiples licencias no uso dos signos de puntuación (por ausencia) e das maiúsculas; tamén non está dividido en parágrafos. Escribe de novo o texto como se fose en prosa, manténdoo todo igual salvo a puntuación: introduce os signos de puntuación que consideres oportunos para que o texto en prosa resultante estea ben construído. [1 punto]
5. Analiza cada unha das cinco formas *que* subliñadas no texto, identificando o tipo de oración que cada unha delas introduce. [1 punto]
6. Responde unha destas dúas preguntas. (Escolle só unha; extensión aprox. 200-250 palabras) [1 punto]
 - a) Historia da normativización: a construción da variedade estándar. Interferencias e desviacións da norma.
 - b) O galego de 1936 a 1975: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
7. Responde unha destas dúas preguntas. (Escolle só unha; extensión aprox. 400 palabras) [2 puntos]
 - a) A poesía entre 1936 e 1976: a Xeración do 36, a Promoción de Enlace, a Xeración das Festas Minervais.
 - b) A prosa de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Prosistas e tendencias actuais máis relevantes.

LINGUA GALEGA E LITERATURA

OPCIÓN B

Ata hai ben poucos anos, as galegas e os galegos eramos bos coñecedores do medio que nos rodeaba. Cada recuncho tiña o seu nome, boa parte das especies animais e vexetais tiñan o seu uso e requirían a súa técnica de pesca ou de caza, de cultivo ou recolección, de conservación e elaboración. A necesidade de coñecemento do medio, da natureza e das súas posibilidades era vital. A transmisión de xeración en xeración foi seleccionando as mellores plantas para facer cestos, para tinguir, con propiedades medicinais ou culinarias.

Este 'sistema tradicional de coñecemento' desapareceu por diversos motivos. Fundamentalmente porque son saberes que parece que non se precisan nunha sociedade moderna e globalizada onde as mazás veñen de Chile, os espárragos da China e as empanadas agardan conxeladas no frigorífico. Pero tamén porque xa non existen os espazos para que se produza esta transmisión. A televisión co seu 'ruído e resplandor' apenas deixa lugar para a conversa, e moito menos para os contos dos maiores. Desfasados e perdidos na modernidade, os contos dos vellos non son estimulantes para a mocidade. Os vellos non cren que a súa sabedoría sexa interesante para os netos e estes pensan que pouco poden aprender de persoas que non saben manexar o MP3 ou a Nintendo.

Porén, existen numerosos espazos nos que se poden recuperar e rememorar estes saberes. Asociacións ou centros de ensino poden cumprir a función social que antes tiñan as muiñadas ou os seráns. Se a capacidade de reter información foi a que nos fixo chegar ata aquí, alén do actual coñecemento sobre cales son os coches máis eficientes e as mellores marcas de roupa ou calzado, por que non manter esta información vital? Estamos seguros que esa bagaxe non nos vai servir no futuro? Non nos serve hoxe?

Adaptado de Ramsés Pérez, en *Cerna. Revista galega de ecoloxía e medio ambiente*, 59 (2009)

1. Indica cal é o tema do texto e fai un breve resumo do seu contido. [1 punto]
2. Fai un esquema coa estrutura do texto, indicando os núcleos de contido de cada parte. [1 punto]
3. Expón, de maneira argumentada, a túa opinión persoal sobre o problema de que trata o texto. Presta atención ás preguntas formuladas ao final do mesmo. (Extensión aprox. 200-250 palabras). [3 puntos]
4. Indica: a) un sinónimo e un antónimo das seguintes palabras do texto (na acepción que teñen nel): *desapareceu* (líña 7), *maiores* (líña 11), *sabedoría* (líña 13), *rememorar* (líña 15); e b) o hiperónimo do que *mazás*, *espárragos* e *empanadas* (líñas 8-9) son cohipónimos. [1 punto]
5. Fíxate ben: *Por que non manter esa información vital?* e *Estamos seguros que esa bagaxe non nos vai servir no futuro?* (líñas 18-19) son oracións interrogativas de dúas clases distintas. Que diferenzas hai entre un e outro tipo de interrogacións? [1 punto]
6. Responde unha destas dúas preguntas. (Escolle só unha; extensión aprox. 200-250 palabras) [1 punto]
 - a) Historia da normativización: a construción da variedade estándar. Interferencias e desviacións da norma.
 - b) O galego de 1936 a 1975: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
7. Responde unha destas dúas preguntas. (Escolle só unha; extensión aprox. 400 palabras) [2 puntos]
 - a) A poesía entre 1936 e 1976: a Xeración do 36, a Promoción de Enlace, a Xeración das Festas Minervais.
 - b) A prosa de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Prosistas e tendencias actuais máis relevantes.

LINGUA GALEGA E LITERATURA

OPCIÓN A

2 Nunca poderei esquecer o derradeiro día **que** pasamos na nosa casa de Ziguinchor. Desde un mes
3 antes sabiamos a data en que a abandonaríamos, e tamén os pormenores da viaxe. Papá enviáranos os
4 cartos necesarios e mercara en España os billetes do avión que iamos coller en Dakar. Marchabamos para
5 non volver en moitos anos, abandonabamos para sempre a nosa casa. (...) As miñas amigas non paraban
6 de dicirme a sorte que tiña e enchíanme de preguntas sobre a vida que ía levar en España. Eu non sabía
7 **que** contestarlles...

8 O día anterior ao da nosa marcha mamá chegou á casa con dúas grandes maletas que acababa de
9 mercar. Abriu unha delas e deixouna encol da cama onde durmiamos Naima e mais eu.

10 —Encárgate de facer a vosa maleta. Escolle ben o que vas levar, xa che expliquei **que** cada maleta non
11 pode levar máis de vinte quilos.

12 Nese momento comprendín de verdade o que significaba abandonar o Senegal. Que escasa era a vida
13 que ía levar comigo! Dez quilos, quince todo o máis, **porque** as cousas de Naima seguro que pesaban
14 menos. O resto tería que deixalo atrás, marchar como as cegoñas que cada ano vía emigrar na procura
15 dunha nova terra.

16 Aquela noite derradeira fun incapaz de durmir. Deitada na cama, pensaba en todo o que non levaba na
17 maleta, o que non me cabería nela **aínda que** fose enormísima, porque hai cousas que non é posible levar.
18 Todo iso tería que levalo na memoria e facer o esforzo de conservalo. Para que non se me borrara, para
19 que me acompañara a todas horas.

Agustín Fernández Paz, *Lúa do Senegal*, 2009

1. Sinala de maneira xustificada cal é a intención do autor do texto: [1 punto]
 - (a) Narrar os complicados preparativos dunha viaxe para ir vivir a outro país.
 - (b) Reflectir o drama humano e o desarraigamento que supón a emigración.
 - (c) Describir as dúbidas dunha nena que non ten claro se quere ou non deixar o seu país.
2. Por que as amigas da protagonista “*non paraban de dicirlle a sorte que tiña*” (liñas 4-5) por vir vivir a España con seu pai e, porén, ela (liñas 5-6) “*non sabía que contestarlles*”? [1 punto]
3. Ponte no lugar da protagonista e redacta un texto sopesando os aspectos positivos e negativos da viaxe e describindo cal sería o teu estado de ánimo. (Extensión aprox. 200-250 palabras) [3 puntos]
4. Indica a que clase de palabra corresponde cada un dos cinco nexos **destacados** no texto e identifica o tipo de oración que cada un deles introduce. [1 punto]
5. Sinala o tipo (aspectual, modal ou temporal) e o valor concreto das seguintes catro perífrases verbais tiradas do texto: *iamos coller* (liña 3), *non paraban de dicirme* (liñas 4-5), *acababa de mercar* (liñas 7-8), *tería que deixalo* (liña 13) [1 punto]
6. Responde unha destas dúas preguntas (escolle só unha; extensión aprox. 200-250 palabras) [1 punto]
 - a) Linguas minorizadas e linguas minoritarias. O galego: lingua en vías de normalización.
 - b) O galego a finais do século XX e comezos do XXI: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
7. Responde unha destas dúas preguntas (escolle só unha; extensión aprox. 400 palabras) [2 puntos]
 - a) A prosa do primeiro terzo do XX: as Irmandades e o Grupo Nós (narrativa, ensaio e xornalismo)
 - b) A literatura do exilio entre 1936 e 1976: poesía, prosa e teatro.

LINGUA GALEGA E LITERATURA

OPCIÓN B

2 As illas da costa galega comparten unha serie de características e valores naturais, aínda que cada unha
delas ten a súa propia identidade. Poderíamos consideralas un só espazo natural aínda que se atopen moi
4 dispersas no litoral. Unicamente a illa de Cortegada, coas condicións climáticas diferenciais causadas pola
súa localización no interior da ría de Arousa, concretamente no esteiro do Ulla, non encaixaría no modelo
6 xenérico de illa atlántica galega. Cortegada ten o perfil chairo habitual das illas fluviaís e está
abundantemente arborada, o que a diferencia das demais, caracterizadas polos cantís rochosos recubertos,
8 en parte, por unha vexetación de cantil adaptada a soportar os fortes ventos oceánicos cargados de auga
salgada. Ademais, a vexetación arbórea na maioría destas illas adoita ser pobre, mentres que as
matogueiras e a flora de cantil son abundantes.

10 Os maiores valores naturais que albergan as illas atlánticas, á parte dos evidentes paisaxísticos, son,
por unha banda, a enorme riqueza e biodiversidade dos ecosistemas submarinos asociados, e, por outra
12 banda, as abundantes colonias de aves mariñas que as utilizan como zona de cría ou de paso nas
diferentes estacións do ano.

V. Caamaño, A. Leiro e M. Dapena, en *Espazos naturais de Galiza*, 2004

1. Elabora un esquema coas ideas principais e secundarias do texto. [1 punto]
2. Indica o significado que teñen no texto as seguintes palabras: *esteiro* (líña 4), *chairo* (líña 5), *matogueira* (líña 9), *biodiversidade* (líña 11), *colonia* (líña 12). Non son válidas as respostas só con sinónimos. [1 punto]
3. Redacta un texto describindo un espazo de interese natural que coñezas. Identifícao, localízao e expón de maneira organizada as súas características e valores máis salientables. (Extensión aprox. 200-250 palabras) [3 puntos]
4. Indica se é aberta ou pechada a vogal tónica das seguintes palabras: *costa* (líña 1), *esteiro* (l. 4), *xenérico* (l. 5), *rochosos* (l. 6), *recubertos* (l. 6), *colonias* (l. 12). [1 punto]
5. Identifica no texto cinco substantivos pertencentes ao campo semántico “accidentes xeográficos”. Engade ti outros cinco máis. [1 punto]
6. Responde unha destas dúas preguntas (escolle só unha; extensión aprox. 200-250 palabras) [1 punto]
 - a) Linguas minorizadas e linguas minoritarias. O galego: lingua en vías de normalización.
 - b) O galego a finais do século XX e comezos do XXI: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
7. Responde unha destas dúas preguntas (escolle só unha; extensión aprox. 400 palabras) [2 puntos]
 - a) A prosa do primeiro terzo do XX: as Irmandades e o Grupo Nós (narrativa, ensaio e xornalismo)
 - b) A literatura do exilio entre 1936 e 1976: poesía, prosa e teatro.

Criterios de Avaliación / Corrección

CONVOCATORIA DE XUÑO

OPCIÓN A

Pregunta 1: 1 punto

Avaliase a capacidade para identificar as ideas esenciais do texto e para expresalas de maneira sintética e coas propias palabras do alumno/a. En consecuencia, penalizarase a abusiva repetición literal ou case literal de fragmentos do poema.

Pregunta 2: 1 punto

Avaliase a capacidade para comprender o sentido real dos dous fragmentos máis alá da súa literalidade, percibindo o sentido das metáforas que encerran: a) a visión dos conflitos como crecidas dun río e a volta das augas ao seu curso normal como solución natural dos conflitos; b) a visión tópica do lirismo (*cantar ás flores e á pombas*) como imaxe da conduta escapista de quen resignadamente evita enfrontar os problemas. Asígnase 0,5 puntos pola interpretación de cada fragmento.

Pregunta 3: 3 puntos

Valórase a capacidade para producir un texto que sexa informativo, coherente, ben estruturado, adecuado á situación comunicativa e correcto ortográfica e gramaticalmente. Os 3 puntos desagreganse en tres tramos de 1 punto cada un, do seguinte xeito:

1) Construción textual: 1 punto. Valorarase: 1.a) A adecuada selección da información, coa presenza da información pertinente e necesaria para que o texto sexa cabalmente comprendido, evitando tanto a súa excesiva previsibilidade (clixés, estereotipos, lugares comúns) como a "orixinalidade" gratuita. 1.b) A coherencia discursiva: a sucesión de enunciados do texto debe presentar asemade continuidade temática e progresión informativa, e non introducir contradicións. 1.c) A organización da información: estruturación do texto (e.g., introdución, desenvolvemento, conclusións), argumentación, organización en parágrafos.

2) Adecuación léxico-gramatical: 1 punto. Valorarase a capacidade de construción de textos adecuados á situación (formal) en que estes se producen. Requírese un apropiado manexo dos rexistros da lingua, tanto nas escollas lexicais como no emprego das construcións gramaticais. Deben evitarse tanto os trazos propios da oralidade e dos textos espontáneos e non planificados como os que amosan un requintamento afectado. Bo manexo dos recursos cohesivos, tanto gramaticais como léxicos.

3) Corrección ortográfica e gramatical: 1 punto. Valorarase o correcto dominio da ortografía, dos signos de puntuación e da gramaticalidade das construcións sintácticas e das escollas morfolóxicas, desde o punto de vista do galego estándar.

No caso de textos cunha extensión *manifestamente* menor á solicitada, ao punto de dificultar a súa avaliación consonte os criterios expostos, esta circunstancia dará lugar a unha diminución proporcionada da valoración global da pregunta.

Pregunta 4: 1 punto

A valoración establecerase, de maneira matizada, entre dous extremos: A) Un punto por un texto ben puntuado, presumiblemente dividido en parágrafos separados de maneira axeitada, no que os signos de puntuación facilitan a lectura do texto. B) Cero puntos por un texto no que a puntuación introducida entorpece seriamente a lectura e interpretación textual.

Pregunta 5: 1 punto

Outórganse 0,20 puntos por cada forma ben analizada (0,10 pola identificación do *que* e 0,10 pola identificación do tipo de oración).

1. *Pregunto por que eu non son*: Pron. interrogativo + oración subordinada completiva de CD

2. *Agardar que baixen as augas*: Conxunción + oración subordinada completiva de CD

3/5. *Daquelas que cantan / o lume que me queima*: Pron. relativo + oración subordinada adxectiva ou relativa

4. *Que arrincaría a alma*: Conxunción + oración subordinada adverbial causal

Pregunta 6: 1 punto

Criterios de Avaliación / Corrección

Agárdase unha resposta concisa e asemade completa, acorde coa propia puntuación da pregunta e co tempo de que se dispón para o exame. Valorarase a adecuada selección e presentación da información máis relevante sobre o tema escollido, evitando as divagacións e as xeneralidades pouco informativas. A pesar de que se trate dunha pregunta formulada sobre un repertorio pechado e previamente establecido, valorarase tamén a produción dun texto persoal e non dunha reprodución puramente memorística.

Pregunta 7: 2 puntos

Valorarase a adecuada inclusión dos seguintes elementos sobre o tema escollido:

- a) Información sobre o contexto: acontecementos históricos, grupos, influencias, iniciativas, tendencias...
- b) Información acerca dos principais autores dun período ou corrente. Esta información non só debe facer referencia ás principais obras senón tamén aos trazos que caracterizan cada un dos autores.
- c) Información acerca do que un grupo, autor ou época supuxeron na historia da literatura galega.

Non se considerarán correctas respostas que consistan nunha mera listaxe de autores e obras. A pesar de que se trate dunha pregunta formulada sobre un repertorio pechado e previamente establecido, valorarase tamén a produción dun texto persoal e non dunha reprodución puramente memorística.

OPCIÓN B

Pregunta 1: 1 punto

Avaliase a capacidade para identificar o tema do texto e para presentar de maneira sintética a mensaxe que transmite. Asígnanse 0,50 puntos a cada tarefa.

Pregunta 2: 1 punto

Avaliase a capacidade de comprensión analítica do texto por parte do alumno/a a través da identificación das ideas que expresa e da súa organización xerárquica.

Pregunta 3: 3 puntos

Aplícanse os mesmos criterios expostos na mesma pregunta da opción 1

Pregunta 4: 1 punto

Por cada sinónimo e antónimo pedidos (oito en total): 0,10 puntos. Polo hiperónimo: 0,20 puntos.

Pregunta 5: 1 punto

A pregunta refírese á contraposición entre interrogativas totais e parciais. Non se esixe, porén, o uso desta terminoloxía. Agárdase que o alumno/a sexa quen de articular unha reflexión metalingüística para explicar as diferenzas existentes entre as dúas maneiras de que dispón para facer preguntas — diferenzas tanto de forma (presenza/ausencia de partículas interrogativas) como de uso ou función (que tipo de preguntas se fai –e de respostas se dá– con cada unha delas). Outórgase a razón de 0'50 puntos por cada tipo, aínda que é de esperar unha resposta integrada para ambos.

Pregunta 6: 1 punto

Vid. opción 1

Pregunta 7: 2 puntos

Vid. opción 1

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA (opcións A e B)

En ambas as opcións, ademais dos contidos conceptuais tamén se terá en conta a corrección lingüística do exame, polo que sobre a cualificación global se poderá descontar ata un **máximo de 2 puntos por erros**. Estes poderán ser:

—*Moi graves*: Solucións alleas ao sistema lingüístico do galego (tempos compostos, mala colocación dos clíticos...). Desconto 0,2 puntos c/u.

—*Graves*: Solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (*b/v, h, y*), acentuación diacrítica... Desconto 0,1 c/u.

—*Leves*: Solucións galegas alleas ao estándar vixente. Acentuación non diacrítica. Desconto 0,05 puntos c/u.

Estas penalizacións **non se aplicarán sobre a pregunta 3**, pois xa van incluídas na propia valoración da pregunta.

Criterios de Avaliación / Corrección

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

OPCIÓN A

Pregunta 1: 1 punto

Avaliase a capacidade para identificar o sentido do texto, máis alá das anécdotas secundarias. Espérase que o alumno/a identifique a opción correcta (b) e que xustifique adecuadamente a escolla. Outórganse 0,5 puntos pola correcta identificación e un máximo doutros 0,5 puntos pola xustificación.

Pregunta 2: 1 punto

Agárdase unha explicación breve pero ben organizada das motivacións que sustentan os dous puntos de vista, non coincidentes. Debe apoiarse en elementos do propio texto e tamén, eventualmente, no coñecemento da realidade. Na resposta debe demostrarse tanto a comprensión do texto como a capacidade para transmitir as súas ideas.

Pregunta 3: 3 puntos

Valórase a capacidade para producir un texto que sexa informativo, coherente, ben estruturado, adecuado á situación comunicativa e correcto ortográfica e gramaticalmente. Os 3 puntos desagreganse en tres tramos de 1 punto cada un, do seguinte xeito:

1) Construción textual: 1 punto. Valorarase: 1.a) A adecuada selección da información, coa presenza da información pertinente e necesaria para que o texto sexa cabalmente comprendido, evitando tanto a súa excesiva previsibilidade (clixés, estereotipos, lugares comúns) como a “orixinalidade” gratuíta. 1.b) A coherencia discursiva: a sucesión de enunciados do texto debe presentar asemade continuidade temática e progresión informativa, e non introducir contradicións. 1.c) A organización da información: estruturación do texto (e. g., introdución, desenvolvemento, conclusións), argumentación, organización en párrafos.

2) Adecuación léxico-gramatical: 1 punto. Valorarase a capacidade de construción de textos adecuados á situación (formal) en que estes se producen. Requírese un apropiado manexo dos rexistros da lingua, tanto nas escollas lexicais como no emprego das construcións gramaticais. Deben evitarse tanto os trazos propios da oralidade e dos textos espontáneos e non planificados como os que amosan un requintamento afectado. Bo manexo dos recursos cohesivos, tanto gramaticais como léxicos.

3) Corrección ortográfica e gramatical: 1 punto. Valorarase o correcto dominio da ortografía, dos signos de puntuación e da gramaticalidade das construcións sintácticas e das escollas morfolóxicas, desde o punto de vista do galego estándar.

No caso de textos cunha extensión *manifestamente* menor á solicitada, ao punto de dificultar a súa avaliación consonte os criterios expostos, esta circunstancia dará lugar a unha diminución proporcionada da valoración global da pregunta.

Pregunta 4: 1 punto

Outórganse 0,20 puntos por cada forma ben analizada (0,10 pola identificación da clase de palabra e 0,10 pola do tipo de oración).

Que (l. 1) = pron. relativo + or. subord. adxectiva/relativa // **Que** (l. 6) = pron. interrogativo + or. subord. complet. de CD // **Que** (l. 9) = conxunción + or. subord. complet. de CD // **Porque** (l. 12) = conxunción + or. subord. adverbial causal // **Ainda que** (L. 16) = conxunción (ou loc. conx.) + or. concesiva.

Admítense as diversas terminoloxías ao uso e non se require un absoluto detalle ou precisión terminolóxica (e. g. ‘*que* [l. 1] é un pronome que introduce unha oración de relativo’ sería unha resposta correcta).

Pregunta 5: 1 punto

Por cada perífrase ben analizada: 0,25 puntos. Se non indica axeitadamente o tipo, pola explicación do valor, ata 0,20 puntos.

lamos coller: temporal de posterioridade ou aspectual de inminencia // **non paraban de dicirme**: aspectual de continuidade ou reiteración da acción // **acababa de mercar**: temporal de anterioridade inmediata (non se considerará incorrecta a interpretación aspectual perfectiva) // **tería que deixalo**: modal de obriga ou necesidade.

Espérase que o alumno/a reflexione e explique o valor das perífrases coas súas propias palabras, sen que sexa necesario que ao facelo empregue unha terminoloxía lingüística específica.

Criterios de Avaliación / Corrección

Pregunta 6: 1 punto

Agárdase unha resposta concisa e asemade completa, acorde coa propia puntuación da pregunta e co tempo de que se dispón para o exame. Valorarase a adecuada selección e presentación da información máis relevante sobre o tema escollido, evitando as divagacións e as xeneralidades pouco informativas. A pesar de que se trate dunha pregunta formulada sobre un repertorio pechado e previamente establecido, valorarase tamén a produción dun texto persoal e non dunha reprodución puramente memorística.

Pregunta 7: 2 puntos

Valorarase a adecuada inclusión dos seguintes elementos sobre o tema escollido:

- Información sobre o contexto: acontecementos históricos, grupos, influencias, iniciativas, tendencias...
- Información acerca dos principais autores dun período ou corrente. Esta información non só debe facer referencia ás principais obras senón tamén aos trazos que caracterizan cada un dos autores.
- Información acerca do que un grupo, autor ou época supuxeron na historia da literatura galega.

Non se considerarán correctas respostas que consistan nunha mera listaxe de autores e obras. A pesar de que se trate dunha pregunta formulada sobre un repertorio pechado e previamente establecido, valorarase tamén a produción dun texto persoal e non dunha reprodución puramente memorística.

OPCIÓN B

Pregunta 1: 1 punto

Avaliase a capacidade de comprensión analítica do texto por parte do alumno/a a través da identificación das ideas que expresa e da súa organización xerárquica. É válida calquera forma de representación gráfica, sempre que sexa esquemática.

Pregunta 2: 1 punto

Por cada palabra ben definida concederanse 0,20 puntos. Valórase que o alumno/a coñeza o significado que teñen no texto as palabras indicadas e que sexa quen de expresalo. Non é precisa unha definición lexicográfica rigorosa, mais non será válida a resposta cando só conteña sinónimos ou a tradución a outra lingua.

Pregunta 3: 3 puntos

Aplícanse os mesmos criterios expostos na mesma pregunta da opción A.

Pregunta 4: 1 punto

Restarase 0,20 puntos por cada ítem mal respondido, excepto polo primeiro erro, que só se penalizará con 0,10. É dicir:

1 fallo = 0,9 puntos / 2 fallos = 0,7 / 3 fallos = 0,5 / 4 fallos = 0,3 / 5 fallos = 0,1 / 6 fallos = 0 puntos

— Tónicas abertas: *costa, xenérico, recubertos, colonias*. — Tónicas pechadas: *esteiro, rochosos*.

Pregunta 5: 1 punto

Outórgase 0,10 puntos por cada substantivo pertencente ao campo semántico indicado. Cinco deles deberán estar tirados do texto e outros cinco deberán ser achegados polo alumno/a.

Pregunta 6: 1 punto

Vid. opción A.

Pregunta 7: 2 puntos

Vid. opción A.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA (opcións A e B)

En ambas as opcións, ademais dos contidos conceptuais tamén se terá en conta a corrección lingüística do exame, polo que sobre a cualificación global se poderá descontar ata un **máximo de 2 puntos por erros**. Estes poderán ser:

—*Moi graves*: Solucións alleas ao sistema lingüístico do galego (tempos compostos, mala colocación dos clíticos...). Desconto 0,2 puntos c/u.

—*Graves*: Solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (*b/v, h, y*), acentuación diacrítica... Desconto 0,1 c/u.

—*Leves*: Solucións galegas alleas ao estándar vixente. Acentuación non diacrítica. Desconto 0,05 puntos c/u.

Estas penalizacións **non se aplicarán sobre a pregunta 3**, pois xa van incluídas na propia valoración da pregunta.